



ASUNTO: DESESTIMAR RECURSO DE ALZADA CONTRA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO SELECTIVO DUN AXENTE DE POLICIA LOCAL(OEP 2018) INTERPOSTO POR DON FAUSTINO COSTAS TILVE.

Vista a acta do tribunal cualificador de data 8 de xaneiro de 2019 e a dilixencia da secretaria do tribunal de data 18 de xaneiro do 2019 na que se indica que non constan presentadas alegacións relacionadas co recurso de don Faustino Costas Tilve.

RESOLVO

Primeiro.- Desestimar o recurso de alzada interposto por don Faustino Costas Tilve contra a resolución da alcaldía de data 13/12/2018 pola que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo dun axente de policía local (OEP 2018), polos motivos expostos na mencionada acta, cuxo tenro literal se transcribe a continuación:

"(...)O recurso que nos ocupa basease na alegación de don Faustino de que o doutor redactor do certificado médico presentado por este coñecía que este se presentaba a unha praza de policía local na nosa comunidade autónoma e que debido a un erro deste omitiu tal mención no certificado. xustifica este erro nunha presunta folga de facultativos na area de Vigo e na aceleración da atención pro este motivo.

Para resolver esta cuestión debemos ter en conta que a solicitude de participación no proceso selectivo do agora recorrente non acompañaba certificado médico esixido nas bases nin a declaración xurada de non ter sido condenado por delito doloso.....

Posteriormente o 16/10/2018 procedeuse a publicar a lista provisional.

O 17/10/2018 con RE 16688 ten entrada o certificado médico que o tribunal considerou que non reunía os requisitos esixidos.

O 25/10/2018 con RE 17130 ten entrada mais documentación entre a que se atopa a declaración responsable que faltaba.

O 13/12/2018 procedese a publicar a lista definitiva de admitidos e excluídos indicando respecto do recorrente:

3.- COSTAS TILVE FAUSTINO JOSE	Causas de exclusión provisional 1, 8 Excluído (Aporta declaración xurada pero o certificado médico non é correcto.)
--------------------------------	---

O 18/12/2018 con RE 20093 ten entrada o recurso que nos ocupa.

Segundo.- Examinado o anterior o tribunal acorda por unanimidade, propoñer á alcaldía desestimar o recurso de alzada que nos ocupa, pois examinado todo o anterior resulta que o certificado médico presentado por don Faustino dentro do prazo de subsanación, que incluso se viu ampliado pola tardía publicación no BOP Lugo da lista provisional, non reúne os requisitos esixidos, pois non indica a que oposición concorre o aspirante.

Pois como xa indicou o tribunal na lista provisional:

Para facilitar a subsanación das deficiencias atopadas o tribunal desexa aclarar:

respecto da causa nº 5 (Certificado médico que non se refire de xeito expreso a probas físicas para acceso de policía local en Galicia) que os certificados médicos presentados para subsanar esta deficiencia deben axustarse o seguinte modelo:





“ que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican na correspondente proba da oposición (Policía Local Concello de Monforte BOP Lugo 10/08/2018) , o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflexa no certificado médico. Ou en todo caso permitir coñecer ó tribunal que o facultativo que o emite coñece que o certificado se refire a realización de probas para o acceso a escala básica de policía local coa normativa na nosa comunidade autónoma.

E o tribunal non pode ter en contra outro certificado médico que ese, polo que o aportado xunto ó recurso non pode ser tido agora por válido.(...)”

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello informando ós interesados de que contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá o interesado interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da publicación deste acto.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 18/01/2019
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 18/01/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/01/2019 14:17:46

DECRETO: 2019000075
Fecha: 18/01/2019
Hora: 14:17
Persona 76561868C

